

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DE "GASTOS
DIVERSOS" PARA PODER REALIZAR ACTIVIDADES PROPIAS DA PROMOCIÓN DA
IGUALDADE.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de
transferencia de crédito núm. 14-2024, por un importe total de 4.367,45 €, dentro do vixente
orçamento do exercizo 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se
desprenden de "Gastos Diversos" para poder realizar actividades propias da promoción da
igualdade e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orçamento
Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado
para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/574, de 24.04.2024 así
como o RCMOD núm.: 28831/2024, por importe de 4.367,45 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de
5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais;
artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as
Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións
conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2
de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da
modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 4.367,45 € para dar
cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>CP</u>	<u>IMPORTE €</u>
23171.48900	4.367,45 €	23171.22699	232317101	4.367,45 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	4.367,45 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		4.367,45 €

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac8290330309159664104.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 14-2024 Servizo de Igualdade

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.